


EVEREST
GALICIA




Lita Rivas

A idade de cristal



a partir de 10 anos



MONTAÑA
ENCANTADA


Lita Rivas

A idade de cristal

Dani vive a soidade e o illamento dunha puberdade problemática, sen un guieiro que lle axude a medrar.

Como compañeiro de viaxe, na busca da súa identidade, ten unha mascota, o gato Sebastián. Nel atopa a amizade, o consello e o afecto que tanto necesita, e xuntos protagonizan unha aventura apaixonante. Sebastián, gracias ó extraordinario don que posúe, ofrécelle a Dani a posibilidade de se enfrontar cos atrancos da vida nesa idade fráxil e feble coma o cristal.



 Everest Galicia, S. L.

ISBN 84-403-0377-7



9 788440 303776

VIII

Chegou á escola cheo de malos agoiros.

Tiña ganas de zouparlle a alguén e mirou arredor de si buscando unha vítima propicia. A carón da porta, cos seus ollos despistados, detrás dos seus lentes de vidro de cu de vaso, estaba o Brais. Tiña un aspecto feble de máis, baixo a aquel xersei folgado e longo, de tres ou catro tallas máis das precisas.

—¿Seica mercaches o trapo ese para as medras ou que?

Dani achegouse outro chisco ó seu amigo e detívose preto del.

—¡Ola, Brais! ¿Xa sabes todo o que che van preguntar, ou se cadra non tes nin idea coma sempre? —dixo con voz estridente. Tiña ganas de desafogar e pensaba que por berrar era máis respectado.

Brais mirouno en fite cunha expresión de desorientación nos ollos.

—¡Ola, Dani! ¿Como che vai? Ben vexo que vés enra-bechado. ¡Acouga, rapaz! ¿É polo exame?

—Supoño que me volverán suspender, pois non tiven tempo de estudar. A miña nai andou con *stress*, como di ela, e en troques de me explicar o que é o esteiro dun río, explicoume o que era unha esteira e logo falou da decoración da

casa da praia e finalmente deume unha losqueadiña, pero das garimeiras.

Dani non lle prestaba demasiada atención.

—¿Es parvo ou que? ¿Estás a te rir de min? —dixo Dani anoxado e a piques de zouparlle ó seu amigo.

De súpeto mudou de idea e foise cara á porta do colexio deixando o Brais coa palabra nos beizos.

Aquel día dona Ester apareceu cunha axudante que ía substituíla durante un tempo, segundo lles contou ós rapaces. Chamábase Chelo e era moi diferente da dona Ester. Tiña uns ollos grandes e brincadeiros cos que ollaba todo o que acontecía arredor dela. Non perdía cousa. Aínda por riba era ben feita, tan xeitosiña e redonda. Parecía simpática. Estaba trabucado.

Dani tiña diante un escuro porvir e, namentres o rapaz se decatara diso, pensou en canta razón tivera Sebastián cando lle dixo que todo o tempo que perdeu facendo as notiñas, podería telo empregado en memorizar as leccións. Suspirou, xa era tarde de máis para se laiar, e sentou na mesa con desgana, cismando na nova desfeita en que estaba metido.

Non pasaran dous segundos desde que se lle ocorrera tirar dunha daquelas notiñas cando os ollos de aguia daquela rapaza deran con el e, coma unha acuseta, de seguido deu a voz de alarma.

—¡Vaia, vaia!, ¿que temos aquí? ¡Un rapaz lizgairo e espelido dabondo, que como xa rematou o seu exame, pode andar a perder o tempo! —dixo mentres recollía a folla do exame e lla levaba á mestra para acadar dese xeito o seu parabén. Dani non tivo tempo nin de se decatar; cando acordou, xa non tiña o exame enriba da mesa.

Para rematar o día, á saída bateu de fronte co Ernesto e tivo que aturar as súas chacotas.

—¡Ha, ha, ha! A verdade é que batiches un bo récord. Xa es o último da clase e, ó mesmo tempo, tamén es o primeiro en recibir labazadas —díxolle rindo, mentres Xurxo voceaba en sinal de aprobación.

Chegou á casa murcho e desacougado. Non tiña gana nin de falar. Bateu na porta con forza e, cando Isolina lle abriu, pasou á súa beira coma un lóstrego. Pechouse no seu cuarto sen desexos de falar con ninguén. De alí a un cacho, un ruidiño fóra do cuarto sobresaltouno, era coma se alguén andase ás apalpadas. Abriu a porta a tempo para ver a Sebastián que, de pé sobre as patas traseiras, andaba a rabuñar na madeira coas uñas.

—¡Ola, gatiño! ¿Como che vai? —preguntou Dani.

—¡Ola, rapaz! Xa vexo que volviches cedo da escola. ¿Que pasou co teu exame de Sociais?

—¿Que queres que che diga? Cacháronme en plena faena con aquelas notiñas na man, con tanto traballo como me custou elaboralas. Hanme deixar para setembro —dixo Dani, cunha voz chea de pesar e desánimo.

O gato gardou silencio e sentou no chan, namentres observaba o rapaz cunha expresión de gravidade nos ollos.

—Non me mires dese xeito. Sei que pensas que é xusto e que se cadra merezo o que me está a acontecer por non che facer caso cando me dixeches que debía aproveitar o tempo en estudar no canto de andar a facer notiñas, ¿non é?

Non houbo resposta pero, de alí a un chisco, o gato comezou a súa tarefa de sempre. Limpaba os bigotes, o nariz... moi a modiño, como adoitaba facer unha dona antes de saír para a festa. Sentiuse reconfortado. De súpeto, e cando Dani xa non agardaba unha resposta, o gato deixou oír a súa característica voz de tiple:

—Non te laies do que xa pasou. Agora non ten remedio. Saca as conclusións que che han servir de experiencia para outras ocasións e lembra que nunca é tarde para buscar unha solución. ¿Que tal se a túa próxima meta é aprobar Ciencias Sociais?

—¡Así de doado! ¿Pensas que aprobar unha materia é o mesmo ca ir de excursión ou comer un doce? —dixo o rapaz, cun aceno de burla.



—O grao de dificultade de calquera tarefa é un atranco que pode e debe servir para probar as nosas forzas. É coma unha carreira de obstáculos. Pódese poñer nela o corpo e a

alma, pero a chegada á meta compensa todos os esforzos, e canto máis che custou chegar, maior vai ser a túa satisfacción.

—¿E que ocorre se non dás chegado?

—Pois que non terás os afagos pasaxeiros dos demais pero terás unha satisfacción máis intensa e duradeira por tentalo, e por riba de todo terás aberto un camiño dentro de ti para argallar futuros intentos. Todo é cuestión de vontade.

Dani non dixo nada pero quedou a cismar en todo aquilo que lle dixera o seu novo amigo e, no máis fondo do seu corazón, recoñeceu que aquel gato estraño tiña moita razón.

Pasaron uns días e a amizade entre Dani e Sebastián facíase cada vez máis e máis forte. Cando Dani precisaba un consello ou unhas palabras de alento, sempre atopaba en Sebastián un bo amigo que, a cotío, escoitaba os seus problemas.

Ata lle resolvía as dúbidas que lle xurdían cando estudiaba. Aquel gato era todo un descubrimento. Menos mal que sempre podería contar con el, ou polo menos iso pensaba. E que é o que faría se algún día marchaba... non quería nin pensalo. Xa se afixera á compañía diaria do michiño e non sabería estar sen el.

O seu amigo Brais non saía do seu abraio ó ver a Dani tan raro e descoñecido. Sempre pensou que entre eles non había segredos e, de súpeto, semellaba que entre os dous había moreas de cousas que nin imaxinaba que podían existir.

IX

Aquel día, Dani volveu da escola cunha morea de exercicios para facer na casa. Entrou cheo de bos propósitos con respecto ás tarefas, mais foise afundindo por momentos, namentres se decatava do traballo que tiña por diante.

Era a hora do xantar e escoitou a voz de Isolina que o avisaba desta circunstancia. A verdade era que non tiña ganas de comer, e así llo dixo, pero ela, teimuda, insistiu:

—Veña, rapaz, os teus pais estante a agardar. ¡Lisca para a mesa!

—¡Non me digas que están na casa! —dixo Dani abraiado.

¡Non o podía crer! Había xa algún tempo que non coincidía con eles no xantar e a verdade era que xa estaba acostumado. Estivo a piques de dicir que lle doía algunha cousa, e así ter unha desculpa para non velos. Ó final, e logo dun intre de dúbida, entrou no comedor. Os seus pais estaban falando e, polo ton da súa voz, semellaban estar un chisco alporizados. Sabela era a que falaba máis baixiño, sen perder a compostura, como adoitaba facer sempre. Tentaba, sen seguilo, que Noel acougase.

Dani entrou no comedor sen saudar e disposto a marchar en canto as cousas se puxesen difíciles.

—Senta, Dani —dixo Sabela—, temos que falar contigo.

—¿Non me digades que me ides botar un sermón polos exames como adoitades facer a cotío? Xa sei de memoria o que ides dicir —rosinou Dani.

A súa resposta causou un berro de Noel que se ergueu e se achegou a Dani alporizado. Seu pai mantiña con el o mesmo trato que mantiña cos doentes da consulta. Era distante e superior e sempre tiña a última palabra, e a razón, claro está. Sabela tentou poñelos a ben e suavizar a situación.

—Mira, rapaz, cómpre que salves o curso porque, de non facelo, vas perder moitas das vantaxes de que gozas nesta casa —dixo Noel, e sen agardar resposta proseguíu:

—E agora vaste poñer a xantar e, ó rematares, irás estudar de contado.

Foi un xantar noxento e silandeiro. De cando en vez, Dani erguía os ollos para atopar o aceno duro do seu pai. Era abafante estar alí sen falar, estaba desexando marchar o máis axiña posible.

Preto deles, asomando só o nariz, Sebastián non perdera detalle. Dani descubriuno e aquilo fíxoo sorrir. Entrementes pensaba:

—Non me estraña que sexa tan avisado. Sempre está a observalo todo. É listo coma un allo.

Rematou o xantar e Dani correu na procura de Sebastián.

—¿Escoitaches todo o que me dixeron? ¡Non hai dereito a que me amolen sempre que teñen oportunidade! ¡Por sorte tampouco non os vexo seguido!

Sebastián estalicaba o seu corpo longo case ata tocar o chan co bandullo e logo facía a manobra contraria ata formar unha especie de arco apuntado.

—¿Que é o que fas? —preguntou Dani.

—Éche moi bo para desentumecer as costas e, ademais, co exercicio podes acadar un estado de relaxación que, ás veces, é moi necesario.

—¿Daquela ti tamén tes problemas de *stress*? ¡Non o podo crer! Ti que semellas tan calmo, tan seguro.

—Dixen que ese exercicio relaxa pero tamén che digo que é bo buscar relaxación e acougo, aínda que non teñas problemas; así estarás máis preparado para aturar o que poida vir.

O rapaz escoitaba atentamente o que lle estaba a dicir o gato, e de súpeto preguntou, mentres estaba a se remexer inquieto na cadeira:

—¿Queres dicir que hai que estar sempre con cen ollos para evitar que ninguén che faga mal?

—Non rapaz, só quixen dicir que se a cotío procuras estar relaxado, irás acadando unha maior claridade de ideas e terás máis enxeño e perspicacia para caer na conta de cal é a mellor solución ante calquera atranco que poidas atopar. Dígocho doutra maneira, igual ca cando xogas un partido de fútbol estás a adestrar os músculos das pernas para facelos máis fortes, cando fas algo que relaxa os teus miolos e os acostuma a pensar, estás a adestralos para que aprendan a facelo cada vez mellor.

—Xa entendo —dixo Dani abraiado, mentres pensaba que ninguén lle explicara xamais as cousas dun xeito tan sinxelo. Ningún mestre da escola e, por suposto, tampouco seus pais—. ¡Oxalá os meus pais me explicasen as cousas como o fas ti! Pola contra, o único que saben facer cando están na casa é alporizarse e berrarme. As máis das veces nin se decantan da miña presenza.

—Oír oen pero non escoitan, ollan pero non ven. Podería ser unha boa tarefa pola túa parte devolverlles a vista e mais o oído ós teus pais —dixo o gato pensativo.

—¿Que queres dicir? —preguntou Dani.

—Pois que, ás veces, as persoas vólvense cegas por mor de moitas cousas que hai arredor delas: xenreiras, celos, enxexas e ata mesmo por causa desas moedas pequenas e frías que se chaman cartos, e que, aínda non entendo moi ben polo que, poden virar tolo a quen tenta posuflas, por moi axuízado que sexa. Neste estado pódese dicir que é algo así coma cando queres ver a fraga e non podes nin albiscala porque cho impiden as árbores. É unha cuestión de perspectiva, tes que ollar as cousas desde o lugar axeitado e coa cabeza ben asentada tamén —rematou con cara de circunstancias.

—Supoño que tes razón, pero non agardarás que teña a paciencia de ensinalles eu a eles, no canto de me ensinaren eles a min, ¿non é?

—Abóndame coa túa boa vontade. A paciencia é patrimonio da vellez. O vello é máis paciente có mozo, se cadra porque á fin comeza a enxergar o verdadeiro sentido da vida. A importancia do momento fuxidío... A mágoa é que cando o descobre xa sabe que non lle quedan moitos días... como aconteceu co outro amo meu. ¡Coitado!

—¡O momento queee...!

—Reffrome á importancia de cada instante por miudiño que sexa. A auga dun río aínda que semelle estar sempre a pasar polo mesmo sitio non é tal. Unha gota de auga só pasa unha vez por riba dunha pedra e por moi teimuda que se poña xamais pode volver ó cume da montaña.

—Ás veces coido que non entendo moi ben todo canto dis.

—Quizais precisas dun tempo de apousamento. Despois dese tempo, cando deas mesturado moi a modo as miñas palabras xunto coas túas conclusións, as dúbidas que aboien á superficie han ser as reais.

Estaban falando no xardín, preto da sebe que os afastaba dun pequeno carreiriño que levaba a un pendello no que se gardaban a segadora, as fouces, tesoiras, legóns, eixadas e todas as ferramentas que o home de Isolina usaba para manter ben coidado o xardín. O recendo dun vello sabugueiro, cargado de flores brancas, impregnaba todos os recunchos.

De súpeto, unha sombra pasou correndo por detrás do sebeiro. Se cadra alguén estivera escoitando, e Dani sentiu un nó na boca do estómago. A verdade era que se estaban a arriscar moito ó falar sen decatárense de que alguén podía descubrir o segredo de Sebastián.

—Coido que de aquí en diante teríamos que buscar o xeito de vérmonos nun lugar seguro, lonxe de posibles espías, ¿estás de acordo comigo? —preguntou Dani, coa voz un chisco inqueda e convencido de que quen os estivera a espiar había un pouco fora o Sabino.

Sebastián calou, pero unha sombra de preocupación embazou os seus ollos. Acordaron que de alí en diante quedarían a carón da camelia vella que estaba ó final do camiño, xusto diante do muro da propiedade. Desde alí dominaban todo o terreo e ninguén podía achegarse sen que o visen.

Aquela tarde, Dani encamiñouse ata o lugar acordado con Sebastián. Unha vez alí, sentou nunha bancada de pedra que estaba xusto debaixo da camelia.

Pasaron uns minutos e Sebastián apareceu por detrás dunhas roseiras. Achegábase moi a modiño axexando á dereita e á esquerda. Esvaraba coa axilidade dun felino, elegante e silandeiro.

—¡Recoiro, Sebastián! ¿Non pensas que, se cadra, esaxeras unha miguíña? ¡Semellas un preso que foxe do cárcere! —díxolle o rapaz cun sorriso.

—¡Calquera precaución é pouca! Xa sabes que gato prudente vale por dous e a min, francamente, gustaríame coidar das miñas sete vidas —respondeu o gato.

—¡Veña ho! ¡Sabes ben que ese refrán fai referencia ó home e non ó gato! Ademais, sinto dicirche que terás que conformarte cunha vida, que é a única que tes. ¡Ata aí poderíamos chegar, ti tes sete vidas e eu unha!

—¡Era unha brincadeira, rapaz! A razón de dicir que temos sete vidas débese a que saímos sen mal ningún de moitas situacións perigosas, aínda que tampouco hai que se confiar demasiado. En canto ó que me dicías do refrán, teño que dicirche que aínda que se refire ó home, pode abranguer calquera especie e tamén a miña. Coido que temos dereito a facer da prudencia un dos nosos lemas, ¿non é, rapaz? —rematou Sebastián, movendo o rabo da esquerda para a dereita e da dereita para a esquerda, como adoitaba facer cando se impacientaba.

—Acouga, gatiño —dixo Dani botando a rir—. Escoita, Sebastián, estou pensando que me podías axudar a resolver unhas dúbidas que me xurdiron hoxe á mañá na escola, se non tes inconveniente ou non tes nada mellor que facer.

Sebastián asentiu coa cabeza mentres se sentaba dun xeito máis cómodo e agardaba as preguntas do rapaz.

—Hoxe na clase estivemos a falar das cadeas tróficas. Iso de que os herbívoros coman só vexetais e os carnívoros coman os hervívoros e por riba de todos eles está o home...

—Xa ves —terciou Sebastián—, a natureza ten todo perfectamente planificado e manteno nun equilibrio moi difícil. Só sobreviven os máis fortes e os que se adaptan ás condicións da vida. O tigre come o cervo máis feble da grea. Os superviventes transmítenlles a súa forza ós seus fillos e así unha vez e outra, ata acadar especies cada vez máis perfectas, para se enfrontar á loita por sobrevivir.

—¿E quen é o depredador do home? —preguntou Dani despois duns momentos de cavilacións.

—O home é o depredador de si mesmo —respondeu o gato.

—¿Que queres dicir? —preguntou inquieto Dani.

—Pois que o home é a única especie que loita cos seus conxéneres por moreas de razóns, as máis insensatas e insospeitadas que poidas imaxinar. Pode matar por calquera desas razóns, e algo que é aínda peor, pode ensinar os seus cachorros a iso ó mantelos nun ambiente de violencia xa desde que están no berce, e a cotío mentres medran.

—Coido que non tes moi boa opinión da miña especie —dixo o rapaz cun ton de voz apagado, quizais influenciado polo que acababa de escoitar.

Sebastián gardou silencio mentres iniciaba a súa cotiá tarefa de hixiene. Ademais de servir de limpeza persoal era un xeito de reprimir tensións emocionais e por iso adoitaba facelo para se relaxar. Despois dun tempo, dixo:

—Sen embargo, tamén hai na túa especie unha capacidade innata para sacrificarnos polos demais, e en moitas ocasións podeades ter unha vontade de ferro. Coido que con estas dúas calidades, e outras que agora non mencionarei, podeades acadar calquera cousa.

Ía bastante frío naquel momento pois achegábase o solpor e Dani non puido coutar un arrepío que o percorreu dos pés ó nariz causándolle un esbirro ruidoso que o fixo abanear durante un intre. A Sebastián puxéronnelle os pelos de punta coma un ourizo debido ó susto.

—¡Ala, rapaz! Será mellor que bulamos axiña, senón vas coller un bo arrefriado —dixo.

—Tes razón, Sebastián; ¿decátaste que es o único que se preocupa polo que me poida ocorrer? —dixo Dani sen pen-

sar e arrependíndose ó momento seguinte. Nunca lle gustou amosar debilidade por ninguén. Non o fixera xamais co Brais e non debería telo feito agora.

Coma se lle estivese a ler o pensamento, Sebastián, que nese intre estaba empoleirado nunha póla da camelia vella dixo:

—Non te avergoñes nunca por amosar o que ti cres debilidade. Só amosaches un bo sentimento, ese nunca debe ser motivo de vergoña, só é motivo de fachenda. Outros amosan sempre malas intencións e sen embargo non se lles pon a pel da cara arrubiada por iso, cando o lóxico é que andasen por aí coma candeas acesas.

—Ei, cambiando de tema, ¿importaríache axudarme a baixar desta árbore? —dixo Sebastián facendo esforzos por manter o equilibrio enriba da póla.

—¡He, he, he! —riu Dani—. ¡Es parvo Sebastián!, sempre quedas aí atrapado e aínda así segues a gabear por esa árbore.

—Non o podo evitar, chámalle instinto se queres. Eu sei que podo gabear polo tronco desa árbore con saltiños pequenos e tamén sei que pola disposición das miñas uñas, dobradas cara a atrás, non dou baixado sen axuda; sen embargo, sempre tento gabear pola árbore, do mesmo xeito que sempre estarei disposto para cazar un rato. E xa está ben de latricar —remañou o gato, tentando non caer da árbore.

A escuridade ía envolvendo o xardín e enchendo de sombras fuxidías cada recuncho. As follas das árbores abaneadas polo vento saloucaban e Dani sentiu un chisco de medo ó mirar arredor de si. De súpeto, un ruído detrás duns arbustos sobresaltounos. Foi coma se alguén pisase nunhas lascas das árbores espaxadas polo chan.

Dani non o pensou dúas veces, colleu a Sebastián e fuxiu de alí a fume de carozo.